

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS**

*Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se convoca o concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais.*

A Constitución española, no seu artigo 129.2º, encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, e crea o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na comunidade autónoma, asignándolle entre as súas funcións a de facilitar e colaborar na investigación, planificación e execución dos programas de desenvolvemento e fomento do cooperativismo.

Tendo en conta que as sociedades cooperativas teñen amosado o seu importante potencial para o impulso do desenvolvemento, local en xeral e rural en particular, cómpre apoiar o seu aproveitamento integral como elementos dinamizadores da economía local e singularmente creadores de riqueza e emprego, a través do estímulo aos axentes que interveñen nos procesos de xeración de proxectos empresariais, particularmente aqueles máis ligados ao ámbito local.

Vistas as experiencias derivadas de anteriores edicións do concurso de iniciativas cooperativas e coa finalidade de fomentar o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento local en Galicia, o Consello Galego de Cooperativas, na súa reunión do 12 de novembro de 2008, acordou aprobar a convocatoria do concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais correspondente ao ano 2009.

Polo que antecede, en uso das atribucións que teño conferidas pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia e polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas,

**DISPOÑO:**

A publicación das bases do concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais correspondente ao ano 2009, e a súa convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As bases reguladoras recóllense no anexo.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez  
Presidente do Consello Galego de Cooperativas

**ANEXO****Bases do concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais 2009**

Primeira.-O obxecto deste concurso é estimular e apoiar os axentes que interveñen nos procesos de xeración de proxectos empresariais, en especial nos proxectos ligados ao ámbito local, para que no seu labor de técnicos/as no asesoramento e impulso de proxectos fomenten o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento local en Galicia.

Segunda.-Poderán participar neste concurso as persoas pertencentes a colectivos tales como axentes de desenvolvemento local, axentes de extensión pesqueira, de extensión agraria, técnicos/as de emprego, técnicos/as de grupos de acción local, orientadores/as educativos e laborais, técnicos/as das consellerías de Pesca e Asuntos Marítimos, Medio Rural e Traballo, así como técnicos/as das asociacións de cooperativas, etc. Así mesmo, o concurso estará aberto a todas as persoas maiores de idade, de calquera nacionalidade, que presenten proxectos orixinais e inéditos escritos en galego ou castelán.

Terceira.-Os proxectos terán por obxecto o impulso e aproveitamento integral dos recursos locais no ámbito galego, a través da fórmula cooperativa, de xeito que poidan incentivar o desenvolvemento local en xeral, e rural en particular. Ademais, deben terse en conta as liñas de acción definidas no Plan estratégico para o cooperativismo.

Cuarta.-Poderán presentarse proxectos individuais ou colectivos. Cada persoa poderá participar nun só proxecto individual e/ou nun só proxecto colectivo. A participación en máis dun proxecto unicamente será admisible cando sexan proxectos de diferente modalidade (individual e colectivo).

Quinta.-Os proxectos presentaranse antes do 31 de maio de 2009 na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo, edificios

administrativos de San Lázaro, Santiago de Compostela). Os textos entregados fóra de prazo non serán admitidos no concurso.

Deberá presentarse unha copia de cada proxecto escrita en galego, en papel formato A4 (DIN-A4, 210x297), claramente impresa a espazo simple en Century Gothic 12 ou tipo de letra similar e nunha soa das caras da follas. A extensión máxima dos proxectos será de 20 follas (incluíndo no cómputo os anexos). Ademais, será obrigatorio enviar os proxectos en formato electrónico de forma complementaria ao envío en papel.

Sexta.-Cada proxecto presentarase asinado cun pseudónimo na carátula e acompañado por un sobre, debidamente pechado; na súa fronte indicarse o pseudónimo usado polo/s autor/es ou autora/as. No interior dese sobre deben figurar os datos persoais e de contacto do autor/a para os proxectos individuais e de cada un dos compoñentes do grupo de traballo nos proxectos colectivos: nome e apelidos, DNI ou número de pasaporte, domicilio, teléfono, e enderezo de correo electrónico, se o tivese. O dito sobre permanecerá invariablemente pechado, a excepción dos correspondentes proxectos que acaden os premios e daqueles que sexan seleccionados para formar parte dun catálogo de referencia.

Cada proxecto entregado estará acompañado, ademais, dunha nota escrita polo/s autor/es ou autora/as e asinado co seu pseudónimo, na cal aceptará expresamente as bases e condicións do concurso e declarará que a obra é da súa autoría, inédita, que non foi presentada a outro concurso pendente de resolución e que non ten cedidos ou prometidos os dereitos de edición e/ou reprodución en calquera forma con terceiros. No sobre pechado indicado anteriormente, incluírase unha certificación asinada co nome e apelido do/a autor/a, na cal este se fai expresamente responsable da veracidade e exactitude da declaración mencionada neste parágrafo. No caso de faltar este requisito, o proxecto quedará excluído do concurso.

Sétima.-Os proxectos presentados serán avaliados por un xurado composto polos seguintes membros: un/unha representante nomeado/a polas asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas, un/unha representante nomeado/a pola Federación Galega de Municipios e Provincias, un/unha orientador/a técnico/a profesional nomeado/a pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, un/unha representante nomeado/a pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, un/unha representante nomeado/a pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, un/unha técnico/a especialista en cooperativismo nomeado/a pola Consellería de Traballo e a directora xeral de Relacións Laborais, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.

Avaliarase a coherencia e viabilidade económica dos proxectos, o seu carácter innovador, a súa achega á posta en valor e aproveitamento sustentable dos recursos locais do contorno e a súa adecuación aos obxectivos e ás liñas de actuación do Plan estratéxico para o cooperativismo.

Todos os premios serán outorgados polo xurado, a decisión tomarase por unanimidade ou, no seu defecto, por maioría de votos e serán inapelables. A resolución darase a coñecer no transcurso do acto público que se realizará con motivo do día do cooperativismo, en que se procederá á entrega de premios.

O xurado poderá declarar os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

Oitava.-O/s autor/es ou a/s autora/s do mellor proxecto recibirá/n un único premio de 7.000 euros, dos cales 4.000 euros se entregarán tras a resolución do xurado, e 3.000 euros entregaranse tras a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto; será preciso xuntar a documentación acreditativa que xustifique, como mínimo, a conformación do grupo promotor do proxecto, coa relación de nomes e apelidos e a acta da súa primeira reunión.

Ademais outorgaráselles dous accésit de 2.000 euros cada un aos/as autores/as dos proxectos considerados como segundo e terceiro mellores. Os proxectos de maior interese incorporaranse a un catálogo de referencia.

Novena.-O outorgamento dos premios establecidos neste concurso implica, sen necesidade de ningunha declaración por parte dos/as autores/as, o recoñecemento do dereito exclusivo a favor do Consello Galego de Cooperativas, a reproducir, traducir e difundir os proxectos premiados nas condicións, cos medios a través dos suxeitos, entidades ou institucións que consideren oportunos.

O Consello Galego de Cooperativas reservará para si o dereito a difundir o nome e/ou imaxes dos/as gañadores/as, polos medios e formas de comunicación que crean convenientes durante todo o tempo que considere necesario e sen obriga de realizar ningunha compensación. Considérase que os/as participantes no concurso prestan o seu consentimento ao presentar o proxecto.

Os/as concursantes exoneran de toda responsabilidade o Consello Galego de Cooperativas, no caso de que os proxectos resultasen danados ou destruídos por caso fortuíto ou forza maior, mentres estiveren no seu poder. Os materiais presentados non serán devoltos.

Décima.-A presentación dun proxecto neste concurso implica a aceptación incondicional destas bases, que teñen carácter administrativo, e os seus

efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación. Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos delas que poidan xurdir, acudírase ao Consello Galego de Cooperativas.

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

*Edicto (441/2008).*

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber:

Que no procedemento de demanda 441/2008 deste xulgado do social, seguido por instancia de Gema González Blanco, contra a empresa *Business Cars Galicia, S.L.*, sobre ordinario, se ditou auto coa parte dispositiva do teor literal que segue:

«Decido.

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu:

Que estimo a demanda formulada por Gema González Blanco contra a empresa *Business Cars Galicia, S.L.*, polo que condeno a empresa demandada a lle aboar á parte demandante a cantidade de 1.679,47 €, polos conceptos reclamados nesta demanda.

Así mesmo, absolvo o Fogasa, sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquelles esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela non cabe recurso, en atención á contía litixiosa, polo que, unha vez notificada, quedará firme en dereito.

Así, por esta miña sentenza, o pronuncio, mando e asino».

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *Business Cars Galicia, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 18 de novembro de 2008.

María Blanco Aquino  
Secretaria xudicial

*Edicto (462/2008).*

Eu, María Blanco Aquino, secretaria do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que nos

autos nº 462/2008 (rec. 329 e 334/2008), seguidos por instancia de Paula Solorzano Prieto, contra o Concello da Coruña e outros, a maxistrada-xuíza deste xulgado, ditou auto de aclaración, coa seguinte parte dispositiva:

«Que procede aclarar a sentenza ditada nestas actuacións, con data do 24 de outubro de 2008, no seguinte xeito:

No encabezamento, que non é parte o Fogasa, debendo ser eliminada a mención que se fai del.

Procede eliminar o fundamento de dereito cuarto da precitada sentenza».

E para que lle sirva de notificación en legal forma ás empresas Agrupación Deportiva Riazor e *Llorente Bravo, S.L.*, na actualidade en ignorado paradoiro, e co fin da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino este edicto na Coruña o 25 de novembro de 2008.

María Blanco Aquino  
Secretaria xudicial

### XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

*Edicto (42/2007).*

Ana María Carrasco García, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 0000042/2007 deste xulgado do social, seguido por instancia de Pedro López Fernández contra a empresa *Ricardo Gabriel Sánchez Alonso*, sobre ordinario, ditouse a seguinte, cuxa parte dispositiva se acompaña:

Decisión que estimando a demanda promovida por Pedro López Fernández, asistido polo letrado Martínez Ramonde, contra a empresa *Ricardo Gabriel Sánchez Alonso*, quen non compareceu a xuízo, condeno a demandada a que aboe ao demandante a cantidade de 8.432,90 euros.

Notifíquelles esta resolución ás partes, facendolles saber que non é firme e contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, que se deberá anunciar previamente ante este xulgado do social no termo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Así por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que lle sirva de notificación en legal forma á empresa *Ricardo Gabriel Sánchez Alonso*, en ignorado paradoiro, expido esta para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.